



Entidade : CONCELLO DE OURENSE  
NIF : P3205500F  
Asunto : RENDICIÓN DA CONTA XERAL DO EXERCICIO 2013  
Nº Rexistro : TELE/2014/395

O artigo 223 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, impón ás entidades locais a obriga de rende-las súas contas, e as de tódolos organismos e sociedades delas dependentes, antes do 15 de outubro de cada ano seguinte ao exercicio a que aquelas se refiren.

Examinada a Conta Xeral remitida a este Consello pola entidade referenciada correspondente ao exercicio 2013, feitas as comprobacións oportunas para verificar que a mesma cumpre con todos os requisitos relacionados na Instrución do Consello de Contas aprobada mediante Acordo de 27 de xuño de 2011 adoptado polo seu Pleno, que regula o formato da Conta Xeral das Entidades Locais en soporte informático e o procedemento telemático para a rendición de Contas, e analizada a coherencia interna da información nela contida, comunicolle que se apreciaron incidencias que se recollen no anexo que acompaña o presente escrito.

Como resultado, a conta xeral ten a consideración de conta rendida con defectos, con data 20/11/2014.

Esta consideración da conta xeral significa que non é imprescindible a corrección dos defectos comunicados na conta xeral actual, pero prego que os tomen en consideración para a súa emenda en exercicios futuros.

Porén, de desexar a corrección da incidencias sinaladas na conta xeral actual, deberán no seu caso, solicitar a apertura da conta na Plataforma de rendición telemática, e proceder de acordo co procedemento telemático

Santiago de Compostela, 24 de novembro de 2014

Consello de Contas de Galicia  
CORPORACIÓNS LOCAIS

Ramón José Núñez Gamallo  
Conselleiro da Área de Corporacións Locais



CONCELLO OURENSE  
Data Rexistro: 27/11/2014 10:34:05  
Nº Rexistro: 2014057706



ENTRADA